



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN  
DATA 15 DE MARZO DE 2024**

**PRESIDENTE ACCIDENTAL:**  
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE

**MEMBROS:**  
ISMAEL DURAN BEREIJO  
MARIA JOSE PERNAS DIAZ  
LUCIA PICOS ANEIROS

**SECRETARIA:**  
ANA VELO RUIZ

**INTERVENTORA:**  
MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:50 horas do día 15 de marzo de 2024, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia accidental, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 01.03.2024**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia accidental pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 01.03.2024 e ao non producirse ningunha, a Presidencia accidental somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

**2. LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000020 (PROXECTO EXECUCIÓN)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 05.03.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.03.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: LICENZA DE EDIFICACIÓN 2022/U022/000020 (PROXECTO EXECUCIÓN)**

<b>OBXECTO:</b>	CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR
<b>PROMOTOR/A:</b>	



CONSIDERACIONES URBANISTICAS:

**DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:**

Proxecto execución, con data de visado 9/01/2024.  
Data documento: Decembro 2023.  
Redactor/a: Magdalena López Martínez, arquitecto Colexiado nº 3.537 del COAG

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 05.05.2023 notificado con data 12.05.2023, polo que se concede licenza de edificación a D. para construción de vivanda unifamiliar en lugar San Román de Montoxo, coas seguintes condicións particulares citadas no informe técnico de data 20.04.2023:

*“LICENZA CON EFICACIA DIFERIDA: A documentación aportada e completa correspondente ao proxecto básico e o seu contido é suficiente para outorgar a licenza municipal, pero insuficiente para iniciar a construción, para a que se deberá de aportar:*  
- Proxecto execución  
- Oficios visados da Dirección facultativa”

Vista a documentación presentada por en representación de

Visto o informe técnico do arquitecto técnico municipal de data 04.03.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO:**

1º) Dar por cumprida as condicións particulares impostas na licenza de edificación concedida por acordo da Xunta De Goberno Local de data 05.05.2023, e en consecuencia, sendo suficiente para iniciar as obras.

2º) As obras executaranse de acordo cos proxectos autorizados no expediente.

3º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**3. APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/10**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 13.03.2024, que literalmente di:

“Expediente: 2024/G006/000087

Asunto: aprobación de gastos. Relación de facturas F/2024/10

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Vista a relación de facturas F/2024/10 seguinte:

Nº REX	Nº FRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/43	A24- 10	08/01/2024	B15279359	ILUMINACIONES	Instalación de iluminación decorativa con motivo de las	338	22799	

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



				SANTIAGUESAS SL	fiestas de Navidad 2023-24 por diversas calles en el Excmo. Conc			17.617,60 €
F/2024/53	Emit.24- 4	10/01/2024	B70565635	SISTRELE EVENTOS SL	Servizo de instalación de elementos decorativos en espazos públicos durante o Nadal 2023. Expte: 2023/C002/000107.	338	22799	15.094,75 €
F/2024/66	2023/3625	31/12/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Decembro 2023 ( AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA )	1623	22799	14.849,60 €
F/2024/295	24 33	31/01/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE ENERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/586	24 96	29/02/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE FEBRERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €
<b>TOTAL</b>								<b>129.781,65 €</b>

Visto o informe emitido CON REPARO de Intervención de data 12.03.2024, no que se fiscaliza con reparo as facturas seguintes:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/43	A24- 10	08/01/2024	B15279359	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL	Instalación de iluminación decorativa con motivo de las fiestas de Navidad 2023-24 por diversas calles en el Excmo. Conc	338	22799	17.617,60 €
F/2024/53	Emit.24- 4	10/01/2024	B70565635	SISTRELE EVENTOS SL	Servizo de instalación de elementos decorativos en espazos públicos durante o Nadal 2023. Expte: 2023/C002/000107.	338	22799	15.094,75 €
F/2024/295	24 33	31/01/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE ENERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/586	24 96	29/02/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE FEBRERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €

Visto do Decreto de Alcaldía número 137/2024 de data 12.03.2024 de levantamento do reparo.

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente.

Así mesmo, e segundo as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2024, que é o prorrogado do ano 2023, corresponderá ao presidente da corporación a autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.



Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Como sinala o art. 8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público “*a competencia é irrenunciabile e exercerase polos órganos administrativos que a teñan atribuída como propia, salvo os casos de delegación ou avocación, cando se efectúen nos termos previstos nesta ou outras leis*”.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Vista a Base 45.5ª de execución orzamentaria autorízase á Alcaldía para que poida adoptar resolucións ata o 31 de xaneiro do exercicio corrente que afecten a actos de execución orzamentaria tanto de orzamento correntes como de orzamentos pechados unha vez finalizado o exercicio orzamentario (31 de decembro) cuxos devengos correspondan ó exercicio rematado. En ditas resolucións farase constar esta autorización e a súa imputación orzamentaria farase con cargo ó último día hábil do orzamento rematado.

Atendido que a Alcaldía, facendo uso da atribución que lle confire o artigo 21.3 da LBRL, delegou na Xunta de Goberno Local, en virtude de Decreto nº 345/2023, de data de 10.07.2023, entre outros extremos “*1) Autorización, disposición e ordenación de gastos e a aprobación das facturas e certificacións de obra a partir de 12.000 euros mais IVE, dentro dos límites que competen ao Alcalde*”.

Esta Alcaldía **PROPÓN** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas da relación de facturas F/2024/10 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes do Orzamento Municipal exercicio 2024, e aprobar as correspondentes facturas, por un importe bruto de 129.781,65 euros.

**SEGUNDO.-** Ordenar os pagamentos con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe bruto de 129.781,65 euros.

**TERCEIRO.-** Notificar a presente Resolución á Intervención e Tesourería, ós efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

#### **4. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP. 2024/G006/000047**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 04.03.2024, que literalmente di:

##### **“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.**

**Solicitude: 20230000003718**



**Data solicitude: 14.11.2023**

## ANTECEDENTES

### Datos ben inmueble:

**Enderezo: AV**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000642058**

**Primeiro.** Se presenta solicitude por para a anulación dos recibos da taxa pola recollida de residuos correspondente aos exercicios 2022 e 2023 por venta do inmueble en marzo de 2021.

A estes efectos achega copia da escritura de compravenda do inmueble de data 9 de marzo de 2021.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos recibos correspondentes aos exercicio 2022 e 2023 mencionados na solicitude que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Competencia

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

### II. Normativa de aplicación

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural,



salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

**V. Inscripción e variación de datos padronais**

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

**VI. Comprobación**

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2022, e 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (100,00%)

**VII. Anulación**

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642058	20223515022RL01R000104					2022	77,23 €
253000642058	20233515022RL01R005040					2023	71,50 €

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642058	20223515022RL01R000104					2022	77,23 €
253000642058	20233515022RL01R005040					2023	71,50 €

**SEGUNDO.** Aprobar a seguinte liquidación:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000642058	20223515022RL01R000104					2022	65,00 €
253000642058	20233515022RL01R005040					2023	65,00 €



**TERCEIRO.** Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

## **5. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP. 2024/G006/000063**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 11.03.2024, que literalmente di:

### **“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS.**

**Solicitud: 202400000000629**

**Data solicitude: 26.02.2024**

### **ANTECEDENTES**

#### **Datos ben inmovible:**

**Enderezo: LU**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000643352**

**Primeiro.** Se presenta solicitude para a anulación dos recibos da taxa pola recollida de residuos do inmovible de referencia por cambio de titularidade.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de inmovibles e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

### **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

#### **I. Competencia**

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

#### **II. Normativa de aplicación**

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada



definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021

### III. Feito imponible

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

### V. Inscripción e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmovible a 1 de xaneiro de 2022, e 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (50,00%)
				PROP. (50,00%)

### VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643352	20223515022RL01R001291					2022	55,54 €
253000643352	20233515022RL01R003748					2023	51,70 €

Por todo o exposto, PROPOÑÓ á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:





**PRIMEIRO.** Anular os seguinte recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643352	20223515022RL01R001291					2022	55,54 €
253000643352	20223515022RL01R003748					2023	51,70 €

**SEGUNDO.** Aprobar a seguinte liquidación:

Nº FIXO	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000643352				2022	47,00 €
253000643352				2023	47,00 €

**TERCEIRO.** Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

### **6. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP 2024/G006000065**

Pola Secretaria dáse lectura ao informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.03.2024. A Secretaria informa aos membros da Xunta de Goberno Local que a proposta está incompleta ao non figurar os nomes e DNIs completos dos interesados.

Pola Presidencia accidental solicítase que este expediente quede sobre a mesa, ao amparo do art. 92.1 do R.O.F., para que se inclúan os datos precisos para a aprobación do informe-proposta. Os Sres. Concelleiros, membros da Xunta de Goberno local, acordan por unanimidade dos seus membros presentes que o expediente quede sobre a mesa a efectos da súa corrección e posterior discusión na vindeira sesión.

### **7. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP 2024/G006000068**

Pola Secretaria dáse lectura ao informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.03.2024. A Secretaria informa aos membros da Xunta de Goberno Local que a proposta está incompleta ao non figurar os nomes e DNIs completos dos interesados.

Pola Presidencia accidental solicítase que este expediente quede sobre a mesa, ao amparo do art. 92.1 do R.O.F., para que se inclúan os datos precisos para a aprobación do informe-proposta. Os Sres. Concelleiros, membros da Xunta de Goberno local, acordan por unanimidade dos seus membros presentes que o expediente quede sobre a mesa a efectos da súa corrección e posterior discusión na vindeira sesión.

### **8. ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP. 2024/G006/000085**



Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.03.2024, que literalmente di:

**“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: ANULACIÓN DE RECIBOS DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS. EXP. 2024/G006/000085.**

**Solicitud: 20230000003412**

**Data: 17.10.2023**

**ANTECEDENTES**

**Datos ben inmovible:**

**Enderezo: LU**

**Ref catastral:**

**Nº fixo recibo: 253000645559**

**Primeiro.** Preséntase solicitude para a anulación de recibos da taxa pola recollida de residuos do inmovible de referencia por cambio de titularidade.

**Segundo.** Achégase ao expediente o resultado da comprobación polos Servizos de Recadación do Concello dos datos actualizados do Rexistro Catastral de Inmóveis e os que constan no Servizo Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña como ente delegado para a xestión da taxa.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Competencia**

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A Alcaldía delegou na Xunta de Goberno Local as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo de 2023, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa nese órgano da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución dos recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

**II. Normativa de aplicación**

Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021 na súa última versión, aplicable dende o 07.06.2021.

**III. Feito imponible**

O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.



#### IV. Devindicación

Á data da devindicación se refire o artigo 6.2 da Ordenanza Municipal do seguinte xeito : “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

#### V. Inscrición e variación de datos padronais

O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

#### VI. Comprobación

De conformidade co artigo 3.3 do RDL 1/2004, 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, salvo proba en contrario e sen prexuízo do Rexistro da Propiedade, cuxos pronunciamentos xurídicos prevalecerán, os datos contidos no Catastro Inmobiliario presúmense certos.

Os datos de titularidade do ben inmueble a 1 de xaneiro de 2021, 2022 e 2023 segundo o Catastro son os seguintes:

REF. CATASTRAL	ENDEREZO	TITULAR	NIF	DERECHO
				PROP. (25%)
				PROP. (25%)
				PROP. (25%)
				PROP. (25%)

Os datos que constan no Sistema Integrado de Xestión Tributaria da Deputación da Coruña para os recibos dos exercizos 2021, 2022 e 2023 non coinciden cos anteriores.

#### VII. Anulación

A vista do exposto no punto anterior, procede a anulación dos recibos correspondentes aos exercizos 2021, 2022 e 2023 por non ser correcto o suxeito pasivo. Os datos dos recibos a anular son:

Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645559	20233515022RL01R000610					2023	51,70 €
253000645559	20223515022RL01R003391					2022	56,54 €
253000645559	20213515022RL01R003362					2021	58,23 €

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** Anular os seguintes recibos, por non ser correcto o suxeito pasivo:



Nº FIXO	ID. VALOR	REFERENCIA CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645559	20233515022RL01R000610					2023	51,70 €
253000645559	20223515022RL01R003391					2022	56,54 €
253000645559	20213515022RL01R003362					2021	58,23 €

**SEGUNDO.** Aprobar a seguinte liquidación:

Nº FIXO	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000645559				2023	47,00 €
253000645559				2022	47,00 €
253000645559				2021	47,00 €

**TERCEIRO.** Comunicar estes acordos á Excm. Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e a tramitación oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo aos interesados.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**9. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBO. EXP: 2024/G006/000046**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 04.03.2024, que literalmente di:

**“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBO. EXP: 2024/G006/000046**

**Solicitud: 20230000003733 (15.11.2023)**

**Solicitante:**

**Data solicitude: 15.11.2023**

**Expediente: 2024/G006/000046**

**ANTECEDENTES**

**Datos identificativos:**

**Nº FIXO:** 543000752978

**Enderezo:**

**Primeiro.** presenta solicitude de baixa do recibo sinalado para o exercicio 2023 por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 037 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de  
Data de baixa: 30.06.2020

**Segundo.** Consta informe da policía local de data 23/02/2024 que conclúe:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.



“...tras comprobacións oportunas, afírmase que en dita dirección cesou a actividade comercial do negocio con data 30.06.2020 na Cedeira. Actualmente en dita dirección encóntrase o desenrolando actividade comercial...”

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**I.** O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

**II.** Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.3 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

**II.A.** O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboado, mostradores e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa durante os meses de xuño a setembro, ambos inclusives.

**II.B.** Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7: “A taxa devindicarase entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de cada exercicio.”

**II.C.** O artigo 5.1 dispón que: “A contía da taxa regulada na presente Ordenanza calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos por mesa e período.”

**III.** Visto que a solicitante cesa a súa actividade o 30.06.2020, presentando a documentación acreditativa correspondente e visto que no expediente consta informe da Policía Local que así o confirma.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola instalación de mesas e cadeiras do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº MATRICULA	543000752978



ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

**SEGUNDO.** ANULAR o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
543000752978	20233515022ME01R000037				2023	479,60 €

**TERCEIRO.** Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña e notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**10. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2024/G006/000056**

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 14.03.2024, que literalmente di:

**“INFORME- PROPOSTA**

**Asunto: SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2024/G006/000056.**

**Solicitud:** 202400000000762

**Data:** 08/03/2024

**Solicitante:**

**Expediente:** 2024/G006/000056

**ANTECEDENTES**

**Datos identificativos**

**Nº Fixo:** 253000776557

**Enderezo:** Avda. de Castelao nº34, baixo

**Referencia catastral**

**Primeiro.** presenta solicitude de anulación do recibo sinalado para o exercicio 2023, por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 036 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de Data de baixa: 28.04.2023.
- Solicitude de concurso voluntario de acreedores, rexistrado no Xulgado do Mercantil núm. tres de Pontevedra en data 28.04.2023.



**Segundo.** Consta informe da policía local de data 13/03/2024 que conclúe:

“...tras as comprobacións oportunas e a documentación aportada pola interesada, certifícase o cese da actividade de Congelados Cíes S.L., sito na Avenida de Castelao nº34, baixo, Cedeira; dende a data 28.04.2023...”.

**Terceiro.** Compróbase polos Servizos de Recadación do Concello que, aínda que o recibo está a nome de \_\_\_\_\_ como unha das donas do baixo referenciado, a titular da actividade é a solicitante polo que procede continuar coa tramitación correspondente.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**I.** O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xuño, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

**II.** Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021, sendo aplicable dende o 7 de xuño de 2021.

**II.A.** O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

**II.B.** Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindícaranse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrido o devengo”.

**II.C.** O artigo 7.3 dispón que: “Os suxeitos pasivos veñen obrigados a formalizar a súa inscrición ou a variación de datos do padrón do tributo no prazo máximo de tres meses, presentando ao efecto a correspondente declaración de alta ou variación de datos, xunto cos documentos xustificativos, e ingresando, se procede, simultaneamente, mediante autoliquidación, a cota que corresponda”.

**III.** De conformidade co informe da policía local que figura no expediente, a actividade empresarial non se exerce dende o 28.04.2023 ata a actualidade, polo que procede a baixa no padrón da taxa de



recollida de residuos, a anulación do recibo indicado e a liquidación da cantidade correspondente por dous trimestres.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola prestación do servizo de recollida de residuos do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	
NIF	
Nº FIXO	253000776557
REFERENCIA CATASTRAL	
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

**SEGUNDO.** ANULAR os recibos cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
253000776557	20233515022RL01R005531				2023	288,81 €

**TERCEIRO.** APROBAR a liquidación da taxa de recollida de lixo correspondente aos dous primeiros trimestres do exercicio 2023.

**CUARTO.** Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

**QUINTO.** Notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.

**11. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA DO POLA RECOLLIDA DE RESIDUOS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP: 2024/G006/000069**

Pola Secretaria dáse lectura ao informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 13.03.2024. A Secretaria informa aos membros da Xunta de Goberno Local que a proposta está incompleta ao non figurar os nomes e DNIs completos dos interesados.

Pola Presidencia accidental solicítase que este expediente quede sobre a mesa, ao amparo do art. 92.1 do R.O.F., para que se inclúan os datos precisos para a aprobación do informe-proposta. Os Sres. Concelleiros, membros da Xunta de Goberno local, acordan por unanimidade dos seus membros





presentes que o expediente quede sobre a mesa a efectos da súa corrección e posterior discusión na vindeira sesión.

## 12. SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP. 2024/G006/000084

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 14.03.2024, que literalmente di:

### “INFORME- PROPOSTA

**Asunto:** SOLICITUDE DE BAIXA NO PADRÓN DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS E ANULACIÓN DE RECIBO POR CESE DE ACTIVIDADE. EXP. 2024/G006/000084

**Solicitud:** 202399900002062

**Data:** 02/10/2023

**Solicitante:**

**Interesado:** MARIA ASCENSION LEONARDO MARTINEZ Y OTROS S.C. (J15711393)

### ANTECEDENTES

#### Datos identificativos:

**Nº FIXO:** 543000753003

**Enderezo:** Rúa do Mariñeiro nº15

**Primeiro.** como representante de María Ascensión Leonardo Martínez y otros S.C., presenta solicitude de baixa dos recibos sinalada para o exercicio 2023 por cese de actividade. Achega a seguinte documentación coa solicitude:

- Modelo 036 da AEAT de baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores de Ascensión Leonardo Martínez y otros S.C. Data efectiva do cese: 31/12/2020.

**Segundo.** Consta informe da policía local de data 13/03/2024 que conclúe:

“...Tras as comprobacións oportunas e a documentación aportada pola interesada, certifícase o cese da actividade do Café Bar *El Marino*, sito en Rúa do Mariñeiro nº15, Cedeira; dende a data 31/12/2020...”.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 103 da Lei 58/2003 de 17 de decembro xeral tributaria, establece a obriga de resolver expresamente, por parte da administración tributaria, todas as cuestións que se planteen nos procedementos de aplicación dos tributos, así como a notificar a dita resolución expresa

A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 12, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.



**II.** Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT) e a vixente Ordenanza fiscal 3.3 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

**II.A.** O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local como consecuencia da ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados, mostradores e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa durante os meses de xuño a setembro, ambos inclusivos.

**II.B.** Polo que se refire á data de devindicación, segundo dispón o artigo 7: “A taxa devindicarase entre os días 1 de xuño e 30 de setembro de cada exercicio.”

**II.C.** O artigo 5.3 dispón que: “A contía da taxa regulada na presente Ordenanza calcularase de acordo cos conceptos e importes establecidos por mesa e período.”

**III.** Dado que se fai comprobación de que non existe ningún tipo de actividade en Rúa do Mariñeiro nº15 dende o 31/12/2020, procede a baixa do recibo 2023 e a correspondente baixa no Padrón Fiscal da taxa pola instalación de mesas e cadeiras.

Por todo o exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

**PRIMEIRO.** APROBAR a baixa no Padrón da taxa pola instalación de mesas e cadeiras do seguinte suxeito pasivo:

SUXEITO PASIVO	MARIA ASCENSION LEONARDO MARTINEZ Y OTROS S.C.
NIF	J15711393
Nº MATRICULA	543000753003
ENDEREZO TRIBUTARIO	
ENDEREZO FISCAL	

**SEGUNDO.** ANULAR o recibo cos seguintes datos:

Nº FIXO	ID. VALOR	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF	EXERCICIO	COTA (€)
543000753003	20233515022ME01R000004		MARIA ASCENSION LEONARDO MARTINEZ Y OTROS S.C.	J15711393	2023	97,06 €

**TERCEIRO.** Comunicar o presente acordo á Deputación da Coruña, para o seu coñecemento e trámites oportunos.

**CUARTO.** Notificar o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.



### 13. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A ASAMBLEA LOCAL DE CRUZ VERMELLA DE CEDEIRA, CON NIF Q2866001G PARA O ANO 2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 04.03.2024, que literalmente di:

“**Expediente:** 2024/G006/000027

**Asunto:** Aprobación da xustificación de subvención nominativa para a Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con NIF Q2866001G para o ano 2023.

#### PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 31 de maio de 2023 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con NIF Q2866001G para o ano 2023. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 04 de marzo de 2024 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proponer á Xunta de Goberno Local o seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar a xustificación da subvención realizada pola Asamblea Local de Cruz Vermella de Cedeira, con NIF Q2866001G para o ano 2023.

**SEGUNDO.** Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 1.140,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

**TERCEIRO.** Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

**CUARTO.** Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

### 14. APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA. POS+ADIC 2/2023

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 14.03.2024, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DA ALCALDÍA



**ASUNTO: APROBACIÓN DO EXPTE. DE CONTRATACIÓN DE REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA. POS+ADIC 2/2023**

**Nº Expediente: 2023/C003/000005**

Este concello necesita levar a cabo a contratación dunha actuación denominada REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa en xaneiro de 2023, cun orzamento que ascende á cantidade de 144.901,04 € IVE incluído.

Este proxecto técnico está incluído no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (POS+Adic2/2023) e foi aprobado polo Pleno municipal de data 13.02.2023.

Con motivo do informe de supervisión desfavorable emitido polos servizos técnicos da Deputación Provincial para o proxecto “Reforma e conservación do edificio Escolar no lugar de Corredoira”, foron subsanadas as deficiencias comunicadas, non habendo variado o resto do seu contido nin o seu orzamento con respecto ao inicialmente redactado.

O proxecto técnico modificado de “Reforma e conservación do edificio Escolar no lugar de Corredoira” e asinado dixitalmente con data 02.06.2023 foi aprobado mediante a Resolución de Alcaldía núm. 429/2023 de 31 de agosto e presentado na Deputación Provincial para os efectos da súa substitución polo anteriormente enviado.

A actuación que se pretende son as obras de reforma e acondicionamento da edificación, situada no lugar da Corredoira, no concello de Cedeira, subsanando os problemas de humidade e o deterioro co que conta na actualidade o edificio. Neste sentido, as actuacións levaranse a cabo nunha edificación existente, sen alterar a configuración estrutural da mesma, nin a súa volumetría.

Constan no expediente os seguintes documentos: Os documentos e actuacións obxecto de fiscalización constan no expediente de contratación número 2023/C003/000005

- Proxecto técnico modificado e asinado dixitalmente con data 02.06.2023, redactado polo enxeñeiro D. Miguel Fiuza Canosa, cun orzamento total por contrata que ascende á cantidade de 144.901,04 € IVE incluído.
- Informe técnico sobre a non división en lotes, sobre a necesidade de obtención de autorizacións sectoriais e sobre a aptitude urbanística, de data 01.02.2023.
- Informe técnico-xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos de data 02.02.2023 asinado polo arquitecto técnico municipal e a secretaria acctal. do Concello.
- Acta de replanteo previo de data 28.02.2024
- Memoria xustificativa da necesidade do contrato de data 04.03.2024 asinado pola Alcaldía.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola Alcaldía o 05.03.2024.
- Providencia da Alcaldía de data 06.03.2024 propoñendo o inicio do expediente de contratación de obra.
- Informe xurídico favorable, de data 13.03.2024.
- Informe de fiscalización favorable, de data 13.03.2024

Por todo o exposto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:



1. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, para o proxecto denominado “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”.
2. Autorizar, en contía de 144.901,04 € IVE incluído, o gasto que para este Concello representa a contratación referenciada.
3. Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato de obra denominado “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” por procedemento aberto simplificado e asinado pola Alcaldía con data 05.03.2024.
4. Publicar a licitación na Plataforma de Contratos do Estado, expresando que o prazo de presentación de proposicións será de dez (20) días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**15. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 113/2024 DE DATA 29.02.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "COIDAMOS CEDEIRA: FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN E INVESTIGACIÓN AMBIENTAL SOBRE A BIODIVERSIDADE DO MEDIO MARIÑO DE CEDEIRA" DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 113/2024 de data 29.02.2024, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “COIDAMOS CEDEIRA: FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN E INVESTIGACIÓN AMBIENTAL SOBRE A BIODIVERSIDADE DO MEDIO MARIÑO DE CEDEIRA”, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A**

Vista a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (DOG Núm. 22, do 31 de xaneiro de 2024)

Vista a subvencionabilidade do proxecto “COIDAMOS CEDEIRA: FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN E INVESTIGACIÓN AMBIENTAL SOBRE A BIODIVERSIDADE DO MEDIO MARIÑO DE CEDEIRA”, da Consellería do Mar.

Visto que segundo a devandita Orde se establece que a contía da subvención poderá ser do 100% do custo subvencionable, artigo 11

Vista a memoria de actuacións con orzamento para o desenvolvemento de dito proxecto, cun orzamento de 74.201,75 euros ive incluído divididos en tres anualidades ata 2026, para as actuacións de:



- Actv. 3 Producción de material didáctico	7.865,00 €
- Actv. 4 Obradoiros + Actv. 5 Certame	34.969,00 €
- Actv. 6 Xornada “Sostibilidade a toda costa”	14.520,00 €
- Actv. 2 Accións de Promoción	8.861,75 €
- Actv. 1 Deseño da imaxe gráfica do proxecto	1.089,00 €
- Actv. 7 Programa de Impulso/Fomento a la investigación	6.897,00 €

**TOTAL IVE incluído** **74.201,75 €**

Por anualidades, os gastos distribúense do seguinte xeito:

	ANO 1	ANO 2	ANO 3
Actividades Formativas	2.541,00€	5.324,00€	
Actividades de difusión,divulgación ou sensibilización	3.751,00€	16.335,00€	29.403,00€
Comunicación e marqueting	3.304,44€	2.215,44€	4.430,87€
Outros gastos non contemplados nos apartados anteriores	2.057,00€	2.420,00€	2.420,00€
<b>TOTAL</b>	<b>11.653,44€</b>	<b>26.294,44€</b>	<b>36.253,87€</b>

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Solicitar subvención á Consellería do Mar ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 para a actuación: **“COIDAMOS CEDEIRA: FOMENTO DA SENSIBILIZACIÓN E INVESTIGACIÓN AMBIENTAL SOBRE A BIODIVERSIDADE DO MEDIO MARIÑO DE CEDEIRA”**

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**16. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 114/2024 DE DATA 29.02.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO CEDEIRA - MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 114/2024 de data 29.02.2024, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “CEDEIRA - MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARIÑEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE”, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDEMENTO PE155A**

Vista a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo



Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (DOG Núm. 22, do 31 de xaneiro de 2024)

Vista a subvencionabilidade do proxecto “**CEDEIRA - MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARÍNEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE**”, da Consellería do Mar.

Visto que segundo a devandita Orde se establece que a contía da subvención poderá ser do 100% do custo subvencionable, artigo 11

Vista a memoria de actuacións con orzamento para o desenvolvemento de dito proxecto, cun orzamento de 61.674,72 euros ive incluído divididos en tres anualidades ata 2026, para as actuacións de:

- Actv. 3 Elaboración de material didáctico	7.502,00 €
- Actv. 4 Obradoiros, Actv. 5 Certame Actv. 6 Rutas	49.610,00 €
- Actv. 2 Accións de Promoción	3.473,72 €
- Actv. 1 Deseño da imaxe gráfica do proxecto	1.089,00 €

**TOTAL IVE incluído** **61.674,72 €**

Por anualidades, os gastos distribúense do seguinte xeito:

	ANO 1	ANO 2	ANO 3
Actividades Formativas	3.630,00€	3.872,00€	
Actividades de difusión,divulgación ou sensibilización	8.954,00€	20.328,00€	20.328,00€
Comunicación e marketing	1.971,04€	1.295,84€	1.295,84€
<b>TOTAL</b>	<b>14.555,04€</b>	<b>25.495,84€</b>	<b>21.623,84€</b>

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Solicitar subvención á Consellería do Mar ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 para a actuación: “**CEDEIRA - MAR DE VIDA: PROMOCIÓN DO PRODUTO MARÍNEIRO COMO FONTE DE SAÚDE E HÁBITOS DE VIDA SAUDABLE**”

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**17. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 115/2024 DE DATA 29.02.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "RESPIRA CEDEIRA: DESCUBRINDO A RIQUEZA DO LITORAL A TRAVÉS DUN PROGRAMA DE RUTAS TEMATIZADAS", DA CONSELLERÍA DO MAR-PROCEDIMENTO PE155A**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 115/2024 de data 29.02.2024, que di:



**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO “RESPIRA CEDEIRA: DESCUBRINDO A RIQUEZA DO LITORAL A TRAVÉS DUN PROGRAMA DE RUTAS TEMATIZADAS”, DA CONSELLERÍA DO MAR- PROCEDIMENTO PE155A**

Vista a ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (DOG Núm. 22, do 31 de xaneiro de 2024)

Vista a subvencionabilidade do proxecto “RESPIRA CEDEIRA: DESCUBRINDO A RIQUEZA DO LITORAL A TRAVÉS DUN PROGRAMA DE RUTAS TEMATIZADAS”, da Consellería do Mar.

Visto que segundo a devandita Orde se establece que a contía da subvención poderá ser do 100% do custo subvencionable, artigo 11

Vista a memoria de actuacións con orzamento para o desenvolvemento de dito proxecto, cun orzamento de euros ive incluído divididos en tres anualidades ata 2026, para as actuacións de:

1- Investimentos do proxecto:

- Actv. 4 Xestión de reservas 9.196,00€

**TOTAL IVE incluído 9.196,00€ €**

2- Gastos do proxecto:

- Actv. 2 Definición e deseño de 4 rutas tematizadas 11.979,00 €

- Actv. 5 Programa de Rutas tematizadas polo litoral 36.300,00 €

- Actv. 3 Accións de Promoción 5.312,92 €

- Actv. 1 Deseño da imaxe gráfica do proxecto 1.089,00 €

**TOTAL IVE incluído 54.680,92 €**

Por anualidades, os gastos distribúense do seguinte xeito:

INVESTIMENTOS DO PROXECTO			
	ANO 1	ANO 2	ANO 3
Inmovilizado intanxible	1.452,00€	3.872,00€	3.872,00€
<b>TOTAL</b>	<b>1.452,00€</b>	<b>3.872,00€</b>	<b>3.872,00€</b>

GASTOS DO PROXECTO			
	ANO 1	ANO 2	ANO 3
Estudos e traballos técnicos	9.680,00€	1.331,00€	968,00€
Actividades de difusión,divulgación ou sensibilización		18.150,00€	18.150,00€
Comunicación e marketing	1.971,04€	2.215,44€	2.215,44€
<b>TOTAL</b>	<b>11.651,04€</b>	<b>21.696,44€</b>	<b>21.333,44€</b>

**RESOLVO:**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica do Concello de Cedeira <https://sede.concellodecedeira.es> co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.





**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Solicitar subvención á Consellería do Mar ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2023 para a actuación: **“RESPIRA CEDEIRA: DESCUBRINDO A RIQUEZA DO LITORAL A TRAVÉS DUN PROGRAMA DE RUTAS TEMATIZADAS”**.

**Terceiro.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**18. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 116/2024 DE DATA 29.02.2024 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O “SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024-PROCEDEMENTO AU301D**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 116/2024 de data 29.02.2024, que di:

### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O “SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE CEDEIRA” AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS AOS CONCELLOS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DAS REDES DE SANEAMENTO PARA A DETECCIÓN DE INFILTRACIÓNS, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024-PROCEDEMENTO AU301D**

Vista a RESOLUCIÓN do 26 de decembro de 2023 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións, e se convocan para o ano 2024, publicada no DOGA número 20 de 29 de xaneiro de 2024.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que debe certificarse que existe acordo do concello polo cal se solicita a subvención e se aceptan as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

Visto o proxecto realizado pola empresa VIAQUA coa denominación **“SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE CEDEIRA”** cun orzamento sen IVE de 14.825,23 € e 17.938,53 € con IVE incluído. E que, segundo o establecido no artigo 6 de dita Resolución, o importe das subvencións será do 80 % do investimento subvencionable, co límite máximo de quince mil euros (15.000 €) por solicitude. Polo que, o importe solicitado ascenderá a 14.350,82€.

Polo exposto, **RESOLVO:**



**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 para a realización do proxecto “**SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE CEDEIRA**” cun orzamento sen IVE de 14.825,23 € e 17.938,53 € con IVE incluído. Sendo o importe solicitado un total de 14.350,82 (un 80% do importe total con IVE).

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**19. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 120/2024 DE DATA 04.03.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS DE EMBELECEMENTO DO LITORAL GALEGO - PROCEDEMENTO TU503G**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 120/2024 de data 04.03.2024, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 26 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA ACTUACIÓNS DE EMBELECEMENTO DO LITORAL GALEGO - PROCEDEMENTO TU503G**

Vista a Resolución do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos para actuacións de embelecemento do litoral galego no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024, tramitada como expediente anticipado de gasto (código de procedemento TU503G), publicada no DOGA número 25 de 05 de febreiro de 2024.

Visto o proxecto técnico coa denominación “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento sen IVE de 40.608,27, B.I. e Gastos Xerais incluídos e un custo con IVE de 49.136,01€.

Visto que, segundo a Resolución de convocatoria o IVE será subvencionable, sempre que non sexa recuperable pola entidade solicitante.

Tendo en conta, que a Resolución do 26 de decembro de 2023 establece que hai tres liñas de subvención e que o proxecto técnico podería encadrarse dentro da Liña 1: transición verde e ecolóxica



para a rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral. E que o artigo 8 de dita Resolución establece un financiamento do 90% do orzamento total co límite de 80.000€ por proxecto para a Liña 1.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 26 de decembro de 2023 para a realización do proxecto “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento con IVE de 49.136,01€, B.I. e Gastos Xerais incluídos dentro da Liña 1: transición verde e ecolóxica para a rehabilitación do patrimonio en espazos singulares do litoral. Sendo a cantidade solicitada de 39.308,81€ (90% do orzamento total IVE incluído).

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de convocatoria e o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**20. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 124/2024 DE DATA 05.03.2024 - APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2024**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 124/2024 de data 05.03.2024, que di:

**RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

**Asunto: APROBACIÓN DA ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2024**

**Expte 2024/A006/000004**

Visto o Convenio entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) que ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en



2024 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 5 de marzo de 2024 e o informe de Intervención da mesma data.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de 10 de xullo.

Considerando o interese deste Concello da adhesión ao dito convenio.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente e as delegacións previstas, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a resolución de Alcaldía núm. 345/2023 de 10 de xullo por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**SEGUNDO.-** Aprobar a adhesión ao CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2024, arriba transcrito.

**TERCEIRO.-** Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio que se xunta como anexo.

**CUARTO.-** Dar traslado do Anexo III, debidamente asinado, á Xunta de Galicia.

**QUINTO.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, M<sup>a</sup> del Mar Antón Brage, como Secretaria accidental, dou fe.

## ANEXO

**CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A COORDINACIÓN DE ACTUACIÓN NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA GALEGO DE VIXILANCIA E CONTROL FRONTE Á AVESPA ASIÁTICA (VESPA VELUTINA) NO ANO 2024**

### REUNIDOS

Diego Calvo Pouso, vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes que en virtude do seu nomeamento por 65/2023, do 14 de xuño, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, así como o Decreto 117/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 15 de novembro de 2023.



As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e, na súa virtude,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes conforme ao disposto no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e no Decreto 117/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da entón Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (modificado polo Decreto 144/2023, do 9 de novembro), vixente en tanto non se desenvolva o mencionado Decreto 79/2023, é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

**Segundo.-** Que a Fegamp ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das entidades locais ante outras Administracións Públicas, segundo o disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos, e goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Ademais, de conformidade co artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Xunta de Galicia poderá establecer acordos, convenios e protocolos de colaboración e cooperación cos entes que integran a Administración local de Galicia para unha mellor e máis efectiva coordinación interadministrativa, tanto na fase preventiva coma na operativa, colaborando coa dotación de medios e recursos necesarios.

**Terceiro.-** Que de conformidade cos artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciños, entre os que se atopan a seguridade en lugares públicos e a protección civil e extinción de incendios, polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte as súas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.

Nesta mesma liña, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia no seu artigo 1.2 define a protección civil como un servizo público esencial organizado nun sistema integrado de actuación para lles facer fronte aos riscos ordinarios e a riscos graves coa participación das distintas administracións públicas, baixo a coordinación e a dirección da Xunta de Galicia e coa colaboración cidadá. E a Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei 17/2015, de 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil coinciden no carácter de servizo público esencial deste servizo.

**Cuarto.-** Que a Xunta de Galicia, con motivo da problemática xerada polo avance da avespa asiática na Comunidade Autónoma, puxo en marcha un Programa de vixilancia e control fronte a esta especie no ano 2014 co fin de minimizar a incidencia que ten esta especie sobre as producións apícolas e sobre a seguridade cidadá. Este programa recolleu as actuacións necesarias para a contención e seguimento desta especie, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá. Este programa inclúe fundamentalmente actividades relacionadas coa detección precoz de niños mediante avisos a través do 012 e 112 e o control e eliminación/neutralización de niños sempre que sexa posible.

Ata o ano 2020, as actuacións para a retirada dos niños de Vespa velutina realizáronse, dependendo das zonas, polos concellos colaboradores directamente, pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e pola Consellería do Medio Rural.

Con data 24 de febreiro de 2020 a Xunta de Galicia e a Fegamp, co obxecto de redobrar esforzos e centralizar recursos na loita contra o avance desta especie invasora, asinaron o convenio entre a entón denominada Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp para establecer a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina). Isto implicou para a administración autonómica a asunción da coordinación de actuacións para a retirada e destrución dos niños da Vespa velutina no territorio galego coa colaboración cos 285 concellos adheridos, ofrecendo unha actuación profesional e eficaz.

O 10 de marzo de 2021, á vista dos bos resultados acadados, a entón denominada Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp asinaron un novo convenio co obxecto de establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa



velutina) en 2021 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos e así continuar ofrecendo unha solución homoxénea en todas as zonas afectadas e acadar unha maior eficacia na retirada e neutralización de niños Vespa velutina ao longo dese ano. Proba da boa acollida desta iniciativa, foi o feito de que se mantiveron adheridos os 285 concellos do ano 2020 e se sumaron 15 máis, polo que a Xunta estivo actuando, a través da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (en diante Seaga), nun total de 300 concellos, é dicir, o 96% do total.

No ano 2022 renovouse o encargo a Seaga e non soamente se mantiveron adheridos os 300 concellos do ano 2021, senón que se sumaron 6 máis, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, nun total de 306 concellos, o 98% do total.

No ano 2023 renovouse o encargo a Seaga e se sumaron 5 concellos máis, polo que a Xunta de Galicia actuou, a través de Seaga, nun total de 311 concellos, o 99,36% do total.

Como consecuencia do exposto, tendo en conta os bos resultados acadados e co obxectivo de acadar a máxima eficiencia e axilidade na realización dos traballos asínase este convenio para continuar en 2024 coa colaboración xa iniciada no ano 2020 entre a Xunta de Galicia, a través da entón denominada Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Fegamp, incorporando os dous concellos que faltaban por sumarse a este Plan e que manifestaron á súa vontade de adhesión ao mesmo polo que, a partir deste ano, a totalidade dos 313 concellos galegos estarán xa adheridos.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para a coordinación de actuación no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2024, en base ás seguintes:

## CLAÚSULAS

### CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

#### Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática (Vespa velutina) en 2024 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio establece os mecanismos adecuados para asegurar unha maior participación, coordinación de investimentos, actuacións e intercambio de información entre as partes asinantes.

#### Segunda. Ámbito de aplicación subjectivo

O presente convenio é de aplicación para a administración da comunidade autónoma de Galicia e para a toda a administración local de Galicia, incluíndo as entidades locais territoriais e as non territoriais, nos termos establecidos nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

#### Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral tanto das entidades locais xa adheridas no ano 2023 que se relacionan no Anexo I como das novas entidades locais interesadas en adherirse relacionadas no Anexo II coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola e que tamén ten repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

As entidades locais dos Anexos I e II deberán formalizar a súa adhesión mediante a cobertura do Anexo III no prazo máximo dun mes dende a sinatura do presente convenio de colaboración.

#### Cuarta.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e da Fegamp.

#### Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de decembro de 2024, sen prexuízo de prorrogar a súa vixencia nos termos que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

#### Sexta. Resolución do convenio.



O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, o incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

## CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

### Sétima.-Coordinar a execución do programa

A administración da comunidade autónoma de Galicia coordinarase cos concellos adheridos nas actuacións de eliminación e retirada de niños de Vespa velutina. Concretamente realizará as seguintes actuacións:

- 1.Potenciar o portal de internet “Eido local” ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia para dar información actualizada sobre as actuacións en materia de Vespa velutina.
- 2.Ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar ás entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.
- 3.Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de Vespa velutina segundo o Programa de vixilancia e control fronte a avespa asiática, o que suporá a realización das seguintes actuacións:

- Revisión e actualización do estado dos avisos e/ou notificacións de avistamento de niños de *Vespa Velutina* recibidos e rexistrados a través da aplicación <https://www.controlvelutina.es/> mediante chamada dos cidadáns ao 012, valoración destes, e organización para a súa retirada.
- Eliminación/neutralización de niños activos de avespa asiática ou realización daquelas outras actuacións que procedan cun tempo de resolución dos avisos dun máximo de 5 días hábiles.

Neste tempo de resolución non contabilizaran cuestións como poden ser as dificultades para contactar coa persoa comunicante ou a dificultade para concretar unha data de retirada con esta, ou calesquera outras circunstancias que entorpezan os labores concretos de retirada dos niños tales como as situadas en espazos nos que a aplicación de insecticida supoña un risco de explosión, zonas próximas a tendidos eléctricos, ou niños situados en vías de transporte, zonas portuarias ou aeroportuarias, ou aquelas nas que sexa preciso realizar un desbroce ou calquera outra tarefa complementaria, así como aqueles que se encontren nunha banda de seguridade de bacías de ríos, masas de auga superficiais ou outros acuíferos.

- Sinalamento da localización dos niños inactivos que non se retirarán, co fin de evitar réplicas de avisos.

## CAPÍTULO TERCEIRO. OBRIGAS DAS ENTIDADES LOCAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA QUE SE ADHIRAN

### Oitava.- Facilitar a execución do programa

Con carácter xeral, coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, as entidades locais de Galicia adheridas ao presente convenio, comprométese a:

- Coordinarse coa Xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de Vespa velutina, a requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.
- Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de Vespa velutina da Xunta de Galicia.

## CAPÍTULO CUARTO. OBRIGAS DA FEGAMP

### Novena.- Informar para facilitar a execución do programa

Coordinarse coa administración da comunidade autónoma de Galicia e con todos os concellos de Galicia para impulsar, promover e difundir a información relativa ao programa de vixilancia e control da Vespa velutina da Xunta de Galicia.



## CAPÍTULO QUINTO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

### Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.

## CAPÍTULO SEXTO. FINANCIAMENTO

### Décimo primeira. Financiamento

A administración da comunidade autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á posta en marcha e desenvolvemento do programa para a retirada e eliminación dos niños da Vespa velutina en todo o territorio galego mediante a realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio que en cada caso serán de conta da administración que as realice.

## CAPÍTULO SÉTIMO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

### Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito ao Capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

### Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

### Décimo cuarta.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.





E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asíñase polas partes comparecentes na data que se consigna na sinatura electrónica.

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes      Presidente da Fegamp

D. Diego Calvo Pouso

D. Alberto Varela Paz

**ANEXO I**

**CONCELLOS ADHERIDOS NO ANO 2023 E QUE MANIFESTAN O SEU INTERESE EN CONTINUAR ADHERIDOS NO ANO 2024**

Abadín	Fonsagrada, A	Ponteareas
Abegondo	Forcarei	Ponte Caldelas
Agolada	Fornelos de Montes	Ponteceso
Alfoz	Foz	Pontecesures
Allariz	Frades	Pontedeume
Ames	Friol	Pontedeuva
Amoeiro	Gomesende	Pontenova, A
Antas de Ulla	Gondomar	Pontes de García Rodríguez, As
Aranga	Grove, O	Pontevedra
Arbo	Guarda, A	Porqueira
Ares	Gudiña, A	Porriño, O
Arnoia, A	Guitiriz	Portas
Arteixo	Guntín	Porto do Son
Arzúa	Incio, O	Portomarín
Avión	Irixo, O	Punxín
Baiona	Irixoa	Quintela de Leirado
Baleira	Lalín	Quiroga
Baltar	Lama, A	Rábade
Bande	Láncara	Rairiz de Veiga
Baña, A	Laracha, A	Ramirás
Baños de Molgas	Larouco	Redondela
Baralla	Laxe	Rianxo
Barbadás	Laza	Ribadavia
Barco de Valdeorras, O	Leiro	Ribadeo
Barreiros	Lobeira	Ribadumia
Barro	Lobios	Ribas de Sil
Beade	Lourenzá	Ribeira
Beariz	Lousame	Ribeira de Piquín
Becerreá	Lugo	Riós
Begonte	Maceda	Riotorto
Bergondo	Malpica de Bergantiños	Rodeiro
Betanzos	Manzaneda	Rois
Blancos, Os	Mañón	Rosal, O
Boborás	Marín	Rúa, A
Boimorto	Maside	Rubiá
Boiro	Mazaricos	Sada
Bola, A	Meaño	Salceda de Caselas
Bolo, O	Meira	Salvaterra de Miño
Boqueixón	Melide	Samos
Bóveda	Melón	Sandiás
Brión	Merca, A	San Amaro
Bueu	Mesía	San Cibrao das Viñas
Burela	Mezquita, A	San Cristovo de Cea
Cabana de Bergantiños	Miño	San Sadurniño
Cabanas	Moaña	San Xoán de Río
Caldas de Reis	Moeche	Santa Comba
Calvos de Randín	Mondariz	Santiago de Compostela
Camariñas	Mondariz-Balneario	Santiso



Cambados	Mondoñedo	Sanxenxo
Cambre	Monfero	Sarreaus
Campo Lameiro	Monforte de Lemos	Sarria
Cangas	Montederramo	Saviñao, O
Cañiza, A	Monterrei	Silleda
Capela, A	Monterroso	Sober
Carballeda de Avia	Moraña	Sobrado
Carballeda de Valdeorras	Mos	Somozas, As
Carballedo	Mugardos	Soutomaior
Carballiño, O	Muiños	Taboada
Carballo	Muras	Taboadela
Cariño	Muros	Teixeira, A
Carnota	Muxía	Teo
Carral	Narón	Toén
Cartelle	Navia de Suarna	Tomiño
Castrelo de Miño	Neda	Toques
Castrelo do Val	Negreira	Tordoia
Castro Caldelas	Negueira de Muñiz	Touro
Castro de Rei	Neves, As	Trabada
Castroverde	Nigrán	Trasmiras
Catoira	Nogais, As	Trazo
Cedeira	Nogueira de Ramuín	Triacastela
Cee	Noia	Tui
Celanova	Oia	Val do Dubra
Cenlle	Oímbra	Valadouro, O
Cerceda	Oleiros	Valdoviño
Cerdedo - Cotobade	Ordes	Valga
Cerdido	Oroso	Vedra
Cervantes	Ortigueira	Veiga, A
Cervo	Ourense	Verea
Chandrexa de Queixa	Ourol	Verín
Chantada	Outeiro de Rei	Viana do Bolo
Coirós	Outes	Vicedo, O
Coles	Oza-Cesuras	Vigo
Corcubión	Paderne	Vila de Cruces
Corgo, O	Paderne de Allariz	Vilaboa
Coristanco	Padrenda	Vilagarcía de Arousa
Cortegada	Padrón	Vilalba
Coruña, A	Palas de Rei	Vilamarín
Cospeito	Pantón	Vilamartín de Valdeorras
Covelo	Parada de Sil	Vilanova de Arousa
Crecente	Paradela	Vilar de Barrio
Cualedro	Páramo, O	Vilardevós
Culleredo	Pastoriza, A	Vilar de Santos
Cuntis	Pazos de Borbén	Vilarinho de Conso
Curtis	Pedrafita do Cebreiro	Vilarmaior
Dodro	Pereiro de Aguiar, O	Vilasantar
Dozón	Peroxa, A	Vimianzo
Dumbría	Petín	Viveiro
Entrimo	Pino, O	Xermade
Esgos	Piñor	Xinzo de Limia
Estrada, A	Pobra de Trives, A	Xove
Fene	Pobra do Brollón, A	Xunqueira de Ambía
Ferrol	Pobra do Caramiñal, A	Xunqueira de Espadañedo
Fisterra	Poio	Zas
Folgozo do Courel	Pol	

## ANEXO II

### NOVOS CONCELLOS QUE CON CARÁCTER PREVIO A ESTE CONVENIO AMOSAN INTERESE EN ADHERIRSE

Illa de Arousa



Meis

**ANEXO III**

**PROTOCOLO DE ADHESIÓN**

D./Dona (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

**DECLARA:**

Que o (órgano competente) de (Entidade Local) acordou, con data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Vespa Asiática (Vespa velutina) e, en consecuencia,

**MANIFESTA:**

A vontade de (Entidade Local) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e firma)”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**21. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 127/2024 DE DATA 06.03.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 127/2024 de data 06.04.2024, que di:

**“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 15 DE FEBREIRO DE 2024 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCIÓNS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D**

Vista a Resolución do 15 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestructuras turísticas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TU503D), publicada no DOGA número 42 de 28 de febreiro de 2024.

Visto o proxecto técnico coa denominación “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento sen IVE de 40.608,27, B.I. e Gastos Xerais incluídos e un custo con IVE de 49.136,01€.

Visto que, segundo a Resolución de convocatoria o IVE será subvencionable, sempre que non sexa recuperable pola entidade solicitante.



Tendo en conta, que a Resolución do 15 de febreiro de 2024 establece que hai cinco tipos de actuación subvencionables e que o proxecto técnico podería encadrarse dentro das Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante. E que o artigo 2.9 de dita Resolución establece un financiamento do 100% do orzamento total co límite de 30.000€.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 15 de febreiro de 2024 para a realización do proxecto “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento con IVE de 49.136,01€, B.I. e Gastos Xerais incluídos dentro das Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante. Sendo a cantidade solicitada de 30.000€ (o máximo a conceder).

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de convocatoria e o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

## 22. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 137/2024 DE DATA 12.03.2024 - LEVANTAMENTO REPARO RELACIÓN DE FACTURAS F/2024/10

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 137/2024 de data 12.03.2024, que di:

“**Expediente:** 2024/G003/000143

**Asunto:** levantamento reparo relación de facturas F/2024/10

### DECRETO ALCALDÍA

Vista a relación de facturas F-2024-10 que suma un importe total 129.781,65 €:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/43	A24- 10	08/01/2024	B15279359	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL	Instalación de iluminación decorativa con motivo de las fiestas de Navidad 2023-24 por diversas calles en el Excmo. Conc	338	22799	17.617,60 €
F/2024/53	Emit.24- 4	10/01/2024	B70565635	SISTREL EVENTOS SL	Servizo de instalación de elementos decorativos en espazos públicos durante o Nadal 2023. Expte: 2023/C002/000107.	338	22799	15.094,75 €
F/2024/66	2023/3625	31/12/2023	A15379803	SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE	Tratamento RU Mes Decembro 2023 ( AYUNTAMIENTO DE CEDEIRA )	1623	22799	14.849,60 €



F/2024/295	24 33	31/01/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE ENERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/586	24 96	29/02/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE FEBRERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €
<b>TOTAL</b>								<b>129.781,65 €</b>

Visto que a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas son unhas das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o disposto no artigo 185 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, que dispón que dentro do importe dos créditos autorizados nos orzamentos corresponderá a autorización e disposición dos gastos ao presidente ou ao Pleno da entidade de acordo coa atribución de competencias que estableza a normativa vixente. Así mesmo corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos. Estas facultades poderán desconcentrarse ou delegarse nos termos previstos polo artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, que deberán recollese para cada exercicio, nas bases de execución do orzamento.

Visto o informe de REPARO de Intervención de data 12.03.2024 relativo á fiscalización das facturas da relación número F/2024/10 relativo ás seguintes facturas:

Nº REX	NºFRA	DATA FRA	CIF/NIF	NOME	TEXTO	PROG	ECON	IMPORTE
F/2024/43	A24- 10	08/01/2024	B15279359	ILUMINACIONES SANTIAGUESAS SL	Instalación de iluminación decorativa con motivo de las fiestas de Navidad 2023-24 por diversas calles en el Excmo. Conc	338	22799	17.617,60 €
F/2024/53	Emit.24- 4	10/01/2024	B70565635	SISTREL EVENTOS SL	Servizo de instalación de elementos decorativos en espazos públicos durante o Nadal 2023. Expte: 2023/C002/000107.	338	22799	15.094,75 €
F/2024/295	24 33	31/01/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE ENERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €
F/2024/586	24 96	29/02/2024	B27154731	SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU	RECOGIDA de RSU, y LIMPIEZA VIARIA MES DE FEBRERO DE 2024	1621	22700	41.109,85 €

O reparo de Intervención basease fundamentalmente na omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais segundo o previsto nas bases de execución orzamentaria.

A pesar de que se toman en consideración as argumentacións apuntadas pola funcionaria, a situación de recursos e medios do concello impide que se regularicen todas estas prestacións sen afectar á boa marcha do concello e á satisfacción dos intereses municipais e prestación de servizos.

Nembargantes o anterior informe de intervención, o órgano competente, neste caso o Alcalde-Presidente, procede a levantar os reparos sinalados e ordena seguir a tramitación en relación co recoñecemento, fiscalización, aprobación de facturas e pago das mesmas, procedendo coa maior brevidade posible a tramitar os procedementos obxecto de reparo.



Dada a conformidade á obras, servizo ou subministro do que deriva a factura ou documento de cargo, mediante a seguinte dilixencia: “CONFORME” e a sinatura desta Alcaldía, conforme ao recollido nas Bases de Execución do Orzamento.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e as Bases 17ª e seguintes de Execución do Orzamento do ano 2023, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, que é o prorrogado de 2023, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

#### **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Levantar o reparo suspensivo de Intervención, de conformidade co sinalado no artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ordenar que se continúe coa tramitación do expediente.

**SEGUNDO.-** Dar conta á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se celebre”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

**23. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 138/2024 DE DATA 13.03.2024 - SOLICITUDE DE AXUDA PARA A "MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL ALUMBRADO DEL CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE O BECO" AO ABEIRO DA ORDE DO 07 DE FEBREIRO DE 2024 DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 138/2024 de data 13.03.2024, que di:

#### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**SOLICITUDE DE AXUDA PARA A “MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL ALUMBRADO DEL CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL DE O BECO” AO ABEIRO DA ORDE DO 07 DE FEBREIRO DE 2024 DA VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES PARA A DISTRIBUCIÓN DO**



## FONDO ADICIONAL AO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DESTINADO A CONCELLOS CON POBOACIÓN INFERIOR A 15.000 HABITANTES. PR486B

Vista a Orde do 07 de febreiro de 2024 pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (código de procedemento PR486B), publicada no DOGA número 32 de 14 de febreiro de 2024.

Tendo en conta que na referida Resolución se establece que debe certificarse que existe acordo do concello polo cal se solicita a achega para as obras concretas que se pretenden executar ao abeiro desta orde e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Visto o proxecto coa denominación “Mejora de la eficiencia energética del alumbrado del Campo de fútbol municipal O Beco” cun orzamento IVE incluído de 47.698,49€.

Visto que, segundo o artigo 4.2 o importe máximo inicial da asignación por concello establécese en 60.000,00 €.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante a Resolución núm. 345/2023 de 10.07.2023 por darse as circunstancias recollidas no art. 10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

**Segundo.-** Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Orde do 07 de febreiro de 2024 para a realización do proxecto “Mejora de la eficiencia energética del alumbrado del Campo de fútbol municipal O Beco” cun orzamento IVE incluído de 47.698,49€ e solicitar subvención polo 100% do orzamento presentado.

**Terceiro.-** Aceptar as condicións de financiación e demais requisitos establecidos na orde de convocatoria.

**Cuarto.-** Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

### 24. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométense a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, as seguintes propostas:

#### 24.1 OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO (2024/U044/000001) LICENZA DE EDIFICACIÓN (2023/U022/000001)

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.03.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.03.2024, que literalmente di:

#### “PROPOSTA DE ALCALDÍA



**Asunto: OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO (2024/U044/000001)  
LICENZA DE EDIFICACIÓN (2023/U022/000001)**

<b>OBXECTO:</b>	OBRAS DE REGLAMENTACIÓN EN LÍNEAS DE DISTRIBUCIÓN ELÉCTRICA EN MEDIA TENSIÓN Soterramento do tramo entre CT Cordobelas (15CU37) y o apoio AXAI9L8A//7
<b>PROMOTOR/A:</b>	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.
<b>EXPT. OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO (2024/U044/000001)</b>	- Datos: Duración: 5 días Superficie: 5 metros - Aval bancario de data 07.12.2023 por importe de 8.800,95 €
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	35.700,62 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	Reglamentación LMT CDR807 - Soterramento del tramo entre el CT Cordobelas (15CU37) y el apoyo AXAI9L8A//7
<b>TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO:</b>	Rubén Fervenza Nicolás graduado en ingeniería eléctrica coitívigo nº 4684
<b>TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS:</b>	Óscar Aller Fernández, enxeñeiro Técnico Industrial, colegiado nº 2.447
<b>COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Alfredo Castiñeira Gutierrez
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	- Autorización administrativa previa, de construción dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Cedeira. Expte. nº: IN407A 2021/55-1. - Axencia Galega de Infraestruturas. Expte nº: IF204A/AC/2021/0469 de data 03/09/2023. - Servicio Provincial de Urbanismo. Xefatura territorial de Ordenación do territorio e urbanismo. Expte nº: A-2022/172. - Augas de Galicia. Consta Declaración Responsable.
<b>CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 27.02.2024 )</b>	<b>CONDICIÓN PARTICULARES:</b> Condicionado: Condições da reposición de pavimentos: -Deberá reporse o pavimento con idénticos materiais previa compactación dos materiais de base. -Deberá protexerse e sinalizarse a gabia adecuadamente durante a execución dos traballos. -Restableceranse as condicións existentes do pavimento antes do inicio das obras, asegurando o perfecto acabado da zona onde se abriron as gabias. En todo caso, estas deberán presentar bordos rectos e unha forma regular, levantando para iso tanta superficie de capa de rodaxe considérese necesaria. -O pavimento repostado, xa sexa en calzada ou beirarrúa, será idéntico ao existente na zona obxecto das obras previamente ao seu inicio. -En calzadas, a capa de aglomerado asfáltico pasará, como mínimo, en 15 centímetros por cada lado, a capa de formigón hidráulico de base ou superficie que se indique polos servizos técnicos municipais. En canalizacións que discorran de forma sensiblemente paralela á aliñación de bordo repórase integramente a capa de rodaxe ata chegar a aquel. En cruces de calzada o ancho mínimo a repor será de 1 metro. As xuntas entre o





aglomerado asfáltico preexistente e o repostado selaranse con material de aplicación en quente.

-En beirarrúas utilizaranse lousas enteiras, de maneira que non quede sen repar ningunha peza deteriorada pola obra.

-As marcas viarias transversais, frechas, símbolos e pasos de peóns que resulten afectados total ou parcialmente polas obras se repintarán integramente.

-En ningún caso os prazos de reposición de capa de rodaxe, tanto en beirarrúas como en calzadas, poderá ser superior a setenta e dúas horas desde a terminación da capa de formigón base, salvo aprobación expresa do servizo municipal competente.

**COORDINACIÓN:**

-As obras non poderán afectar as redes de servizos urbanos existentes, que se respectarán na súa totalidade, debendo no seu caso, ser coordinadas polos titulares das mesmas, e no caso das redes municipais, polo Servizo Municipal de Augas e Rede de sumidoiros (Viaqua).

- Recoméndase o traslado para o seu coñecemento, sen que sexa necesaria autorización ou conformidade, ás compañías subministradoras de servizos urbanísticos, aos efectos da coordinación da actuación.

A documentación pódese remitir preferentemente en formato dixital ou en papel, cós seguintes datos:

Viaqua. Persoa de contacto

Teléfono 981482475

Correo

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Vistos os informes técnicos por parte do Arquitecto Técnico Municipal de datas 14.11.2023 e 27.02.2024.

- Visto o informe xurídico da Técnico de Administración Xeral de data 13.03.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Autorizar a ocupación de dominio público coas condicións citadas no informe técnico de data 27.02.2024.

2º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 27.02.2024.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.

4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.”



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

**24.2 OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO (2024/U044/000003)**  
**LICENZA DE EDIFICACIÓN (2023/U022/000010)**

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 15.03.2024, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo de data 15.03.2024, que literalmente di:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**Asunto: OCUPACIÓN DE DOMINIO PÚBLICO (2024/U044/000003)**  
**LICENZA DE EDIFICACIÓN (2023/U022/000010)**

<b>OBXECTO:</b>	OBRAS DE REGULAMENTACIÓN LMT CDR807 Reforma do tramo entre o CT Cordobelas (15CU37) e o CT Campo da Cruz (15CU38)
<b>PROMOTOR/A:</b>	UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A.
<b>EXPTE. OCUPACIÓN DOMINIO PÚBLICO (2024/U044/000003)</b>	- Datos: Duración: 2 días Superficie: 7 metros - Aval bancario de data 01.02.2024 por importe de 522,24 €
<b>ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL:</b>	19.228,38 €
<b>DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:</b>	REGULAMENTACIÓN LMT CDR807 - REFORMA DO TRAMO ENTRE O CT CORDOBELAS (15CU37) E O CT CAMPO DA CRUZ (15CU38). asinado por Rubén Ferverza Nicolás, graduado en Enxeñería Eléctrica con número colexial 4.684 de Vigo (COITIVIGO) na data 28/02/2021. ANEXO, asinado por Javier Fernández Mitre, enxeñeiro industrial con número colexial 15.670 de Madrid. Na data 01/06/2022.
<b>TÉCNICO AUTORES DO PROXECTO:</b>	Rubén Ferverza Nicolás, graduado en Enxeñería Eléctrica con número colexial 4.684 de Vigo (COITIVIGO) e Javier Fernández Mitre, enxeñeiro industrial con número colexial 15.670 de Madrid.
<b>TÉCNICO DIRECTOR DAS OBRAS:</b>	Óscar Aller Fernández, enxeñeiro Técnico Industrial, colegiado nº 2.447
<b>COORDINADOR DE SE Y SA:</b>	Alfredo Castiñeira Gutierrez.
<b>PRAZO DE INICIO:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRAZO MÁXIMO DE INTERRUPCIÓN DAS OBRAS:</b>	6 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRAZO DE REMATE DAS OBRAS:</b>	36 meses, segundo o artigo 145 da LSG.
<b>PRÓRROGAS:</b>	Poderán concederse, previa solicitude expresa do interesado, sempre que a licenza sexa conforme á ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga, e sen superar a duración do prazo concedido previamente
<b>AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS:</b>	- Autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución eléctrica no Concello de Cedeira. (Expte.: IN407A 2022/67-1) - Axencia Galega de infraestruturas. Expte. nº.: IF204A/AC/2021/0469.
<b>CONDICIONADO: (segundo o informe técnico de data 27.02.2024 )</b>	<b>CONDICIÓNS PARTICULARES:</b> <b>Condicionado:</b> Condições da reposición de pavimentos: - Deberá reporse o pavimento con idénticos materiais previa compactación dos materiais de base.



- Deberá protexerse e sinalizarse a gabia adecuadamente durante a execución dos traballos.
- Restableceranse as condicións existentes do pavimento antes do inicio das obras, asegurando o perfecto acabado da zona onde se abriron as gabias. En todo caso, estas deberán presentar bordos rectos e unha forma regular, levantando para iso canta superficie de capa de rodaxe considérese necesaria.
- O pavimento repostado, xa sexa en calzada ou beirarrúa, será idéntico ao existente na zona obxecto das obras previamente ao seu inicio.
- En calzadas, a capa de aglomerado asfáltico pasará, como mínimo, en 15 centímetros por cada lado, a capa de formigón hidráulico de base ou superficie que se indique polos servizos técnicos municipais. En canalizacións que discorran de forma sensiblemente paralela á aliñación de bordo reporase integramente a capa de rodaxe ata chegar a aquel. En cruces de calzada o ancho mínimo a repor será de 1 metro. As xuntas entre o aglomerado asfáltico preexistente e o repostado selaranse con material de aplicación en quente.
- En beirarrúas utilizaranse lousas enteiras, de maneira que non quede sen repor ningunha peza deteriorada pola obra.
- As marcas viarias transversais, frechas, símbolos e pasos de peóns que resulten afectados total ou parcialmente polas obras se repintarán integramente.
- En ningún caso os prazos de reposición de capa de rodaxe, tanto en beirarrúas como en calzadas, poderá ser superior a setenta e dúas horas desde a terminación da capa de formigón base, salvo aprobación expresa do servizo municipal competente.

**COORDINACIÓN:**

- As obras non poderán afectar as redes de servizos urbanos existentes, que se respectarán na súa totalidade, debendo no seu caso, ser coordinadas polos titulares das mesmas, e no caso das redes municipais, polo Servizo Municipal de Augas e Rede de sumidoiros (Viaqua).
- Recoméndase o traslado para o seu coñecemento, sen que sexa necesaria autorización ou conformidade, ás compañías subministradoras de servizos urbanísticos, aos efectos da coordinación da actuación. A documentación pódese remitir preferentemente en formato dixital ou en papel, cós seguintes datos:
- Abastecemento e saneamento municipal:  
Viaqua. Persoa de contacto  
Teléfono 981482475

Vista a documentación que consta no expediente, e en concreto:

- Vistos os informes técnicos por parte do Arquitecto Técnico Municipal de datas 13.11.2023 e 27.02.2024.
- Vistos os informes xurídicos da Técnico de Administración Xeral de datas 13.09.2023 e 10.03.2024.

Polo exposto, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, **PROPOÑO** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º) Autorizar a ocupación de dominio público coas condicións citadas no informe técnico de data 27.02.2024.

2º) Conceder, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a licenza municipal solicitada.

A presente licenza concédese coas condicións citadas no informe técnico de data 27.02.2024.

3º) As obras executaranse de acordo co proxecto autorizado no encabezamento.



4º) Advertir ao propietario/a ou promotor/a que, unha vez rematadas as obras, deberá comunicar ao Concello este feito.

De conformidade co disposto no artigo 4.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, obras e instalacións, deberá presentar a autoliquidación do referido imposto no prazo de un mes a contar desde a recepción da notificación do presente acordo, a autoliquidación que terá carácter provisional.

5º) Que se dilixencie o proxecto técnico obxecto desta licenza e os planos que se refiran ás condicións urbanísticas.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia accidental levántase a sesión ás 14:06 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE ACCTAL  
JOSE ANTONIO RODRIGUEZ ARRIBE  
(Resolución de Alcaldía Nº 135/2024 de 12 de marzo-  
Delegación de funcións de Alcaldía)

A SECRETARIA  
ANA VELO RUIZ